



In memórium

Xesús Acuña Garrido. Nota autobiográfica

Xesús Acuña Garrido

O pasado mes de xullo falecía Xesús Acuña Garrido. Completamos o *in memórium* que Rubén lle dedica con esta breve nota autobiográfica que o propio Acuña escribiu nos 50 anos da súa ordenación sacerdotal para o libro *Salve, xuventude ardorosa, 1954-1966-2016*. Grazas á comisión organizadora dos 50 anos da ordenación sacerdotal, da promoción 1954-1966 do Seminario de Santiago, por editar o libro e por facilitarnos o texto.

1.- Para entendernos

Puxéronme de nome Jesús. Como meu pai, ferroviario de condición modesta. Miña nai era Carme, en tarefas da terra, muller dunhas calidades de intelixencia natural por riba do común.

Nacín en Vilaboa, S. Martiño, concello do mesmo nome a 6km de Pontevedra no arranque da Ría de Vigo pola banda de estribor. 1 de outubro de 1941. Ano da fame. Ambiente de aldea, nada especial. Escola do pobo, no Toural cun mestre extraordinario, D. Pedro, que foi decisivo na miña vida. O meu destino natural sería ser ferroviario, como na familia, ou quizais a emigración que empezaba a facer furor. Pero o mestre faloulle a miña nai: «o rapaz hai que levalo ao Instituto». Sete palabras que trocaron a miña vida. E así me vin: ingreso no Instituto de Pontevedra, e un tempo, pouco, no desaparecido Colexio Minerva da mesma cidade. Andaba a rematar os trece anos.

2.- Abrindo camiño: S. Roque-Belvís

Se tivera que explicar como foi aquilo de ir ao Seminario, non sería capaz. O ambiente familiar, e mesmo ambiental, non era proclive a tal cousa. Tampouco contrario.

Quizais o exemplo dun cura venerable, D. Félix, 77 anos, de corazón bo e acolledor de fuxidos da posguerra, influíu nese longo camiño cara a cousa clerical. O caso é que, cunhas e outras, alá me atopei por Santiago adiante camiño de S. Roque onde se daban dous cursos de Humanidades; o resto continuaba en Belvís. Intentei validar o que levaba de Pontevedra, máis foi imposible. Pasou que non tiña quen me orientara por aqueles labirintos, e volta a empezar dende abaixo.

S. Roque foi un ano provisional cara o Seminario Menor de Belvís, aínda en obras. Nos anos 50, en pleno franquismo puro e duro e nacional-catolicismo a esgalla, os seminarios eran un ferredoiro de crianzas levíticas con aspiracións de cregos. Pasaba en todos lados e o Cardeal Quiroga artellou un fermoso Seminario Menor para estudos de Humanidades. Non se distinguía moito dos internados da época: piedade a tope, disciplina de ferro e control, sobre todo, control.

Avaliación daquilo? Cos ollos de hoxe semella bastante a un disparate no tocante a formar adolescentes. Illados do mundo exterior (vitando) pouco máis había ca unha piedade *melindreira* e desafogo a base de fútbol. Pode valer a desculpa de que todo o país era un cuartel e todo aquilo formaba parte da paisaxe da época. Persoalmente atopei saída nos estudos, que non me foron mal, no debuxo e un teatro rudimentario onde había que improvisalo todo.

3.- A sombra do piñeiro

O vello mosteiro de S. Martiño Pinarío, no corazón de Santiago, era daquela o «Seminario Conciliar Central» da arquidiocese compostelá: «Aldea amurallada na cidade» chamou alguén a aqueles establecementos. En realidade «aldea amurallada» era toda a cidade,

Universidade incluída. Alí cursábase a Filosofía, con elementos de bacharelato superior, e a Teoloxía Dogmática e Moral, con complementos de «*Sacra Scriptura*», Canons e Historia da Igrexa. Coincidimos co desenvolvemento e remate do Concilio Vaticano II.

A primeira fase, Filosofía, foi para min unha «negra sombra» por circunstancias familiares e unha crise interior que me puxo máis fóra ca dentro. Baixei ata mínimos, mais fun saíndo. O rigor académico era escaso, se exceptuamos a Historia da Filosofía certamente espléndida. O demais, «*ancilla theologiae*», pura escolástica nun latín alemán infumable. A vida espiritual era de «filla de María» (con perdón), *chivatazos*, censura de lecturas, aceptación de persoas, en fin, o da época.

A segunda fase, a Teoloxía, atopoume emerxendo da prostración. Podo dicir que fun feliz; estreaba maioría de idade e entrabamos na «década prodixiosa» e, sobre todo, estaba o Concilio: a grande esperanza para unha Igrexa fosilizada nunha rutina estéril. No académico, os manuais escolares eran na maioría obras da BAC, na praxe un seguimento do mítico Perrone, a «*Sacra Scriptura*» apenas coñecía as novidades que na investigación bíblica xa camiñaban por Europa. O Codex, como non podía ser menos era o vixente de 1917. Unha excepción foi a Historia da Igrexa, cun profesor maxistral que máis tarde deixaría a cousa.

No medio de todo, o optimismo e a esperanza estaban marcados polo Concilio que se vivía con enorme interese. Mágoa que ao remate as reticencias foron tremendas e lastraron a súa posta en práctica.

Avaliación? Non quero remexer demasiado nos recordos aqueles. Só direi que, en resumo, todo aquilo resultou manifestamente mellorable.

4.- De estribor a babor: Lourizán

O 13 de agosto de 1966, na Catedral de Santiago e da man do Cardeal Quiroga ordenámonos á maior parte da nosa promoción. Outros fixérono noutras datas e lugares por motivos varios.

A miña primeira misa foi no mesmo acto de ordenación que, ao ser primeiro na orde alfabética, tocoume concelebrar co oficiante a partir do ofertorio. A seguinte foi no domingo próximo na miña parroquia natal, nunha celebración ordinaria na que ademais oficié un casamento. Todo normal para min, aínda que a moda imperante era montar un «*xou*» de parafernalia litúrxica con espléndido banquete. Gustos.

Non tiña pensado meterme pronto en tarefas parroquiais, pero as cousas esfareláronse. Chamoume o Canciller para ir a Lourizán, en Pontevedra, no inicio da Ría do seu nome pola banda de babor. Así pasei do estribor de Vilaboa ao babor de Pontevedra. Cousas.

Dixéronme que era labor de pouco tempo, provisional, para pñer a andar un centro de culto no poboado obreiro da recentemente creada factoría de Celulosas. Aquel «pouco tempo» converteuse en toda unha vida: alí me puxeron, alí me deixaron, alí me esqueceron e alí me quedei. Nas andadas clericais adiantáronme pola dereita, pola esquerda, por arriba e por abaixo. Preguntándome por iso, téñome comparado co ornitorrinco, ese animalíño feito de tantas pezas que xa non se sabe moi ben o que é.

Do meu quefacer pastoral, acertos e erros, logros e fracasos, non son quen de opinar. Mellor que o fagan outros. Procurei en todo caso manter o compromiso con todo o que abría camiños a unha Igrexa máis comprometida co Xesús do Evanxeo que non quixo medrar á costa do «*rabbinato*». E así me vin nun bo feixe de manifestos dos «abaixo firmantes», na Asemblea de bispos – cregos, presenza nos «Coloquios», revista Encrucillada, en Irimia, Romaxes e máis cousas. Tocoume tamén ser docente, no ensino privado e no público.

Neste relato, pode que un pelo pesimista, non é a miña intención, ao menos consciente, de ofender a ninguén. Non cito apenas nomes agás catro ou cinco. Pode que si se perciba censura ou crítica dalgún sistema do que non poucas veces foron vítimas os propios executores. Síntoo en todo caso. Se alguén puidera sentir ofensa pido as desculpas que sexan precisas.

Xesús Acuña Garrido